


# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, 6 mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redaición e Administración: Praza María Pita, 17. baixos, CRUÑA

# FORD

**Enorme reducción de prezos postos en vigor**

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 6.750	<b>4.480</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 8.100	<b>6.300</b>
VOITURETTE » 2 » » sin » »	» 7.450	<b>5.790</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con » »	» 8.650	<b>6.630</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin » »	» 7.950	<b>6.125</b>
SEDAN (coche cerrado con arranque)	» 12.200	<b>12.050</b>
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 8.050	<b>5.875</b>

**Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados**





Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adequirilos, faigan os pedidos **EN FIRME**, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

**Gran servicio económico de autos de alquiler**

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entienden sin compromiso y sujetas a mi confirmación.  
As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non admitindo devolta dempois da saidas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 148 — 1 OUTONO 1921

De Vicente Risco

## Teoría y-Estórea do Drama

**(Anacos de un traballo antigo, que poideran servir pr'os galegos qu'escriben pr'á escea.)**

Eu concibo varios tipos de drama, pro enantes quixera esbozar unha teoría y-estoria do drama, deixando o teatro oriental (indo, chino, xaponés, persa).

Así pois, o primeiro qu'atopamos, o mais antigo, é Eschylo. Achámonos de cheo na Arte relixiosa. As orixes do teatro son sempre relixiosas. A traxedia y-a comédea nacen no templo. Na Gracia nace nos "Mystéreos". Non déades moito tino à espricación clásica das festas de Baco, do sacrificio do cabrón, dos vendimadores coas caras untadas, y-a etimoloxía "traegode"... Esas sonvos monsergas sen fundamento. Ademais, nin Baco é un deus grego, nin é o deus do viño, nin "orgia" é borracheira mais que pr'os ñorantes. Os que sabemos algo, por pouco que sexa, sabemos que Baco ven da India, atravesando a Siria, que é o deus mártire, qu'a loucura das bacantes non ten que ver esa chispa min coa luxuria, senon co delirio profético (o "furore sacerdotal" coma lle chama Platón) e co éstase dos místecos, buscado por un médeo imitante ó dos derviches volteiadores e do Santo Rei David... Xa vedes que sínxelo e que lonxe do corrente antr'os que teñen o poeira metida nos ollos...

E tamén sabemos qu'as primeiras representacións foron as que tiñan lugar nos Mystéreos dos Exipcios, coma se ve na obra de Jámblico e mais na de Plutarco sóbor d'Isis y-Osiris. Os Mystéreos gregos celebrábanse en Eleuris e Samotracia, principalmente; os primeiros pra honrar ós "Podere; chtonicos" personificados en Demeter y-a sua filla Perséfone. Os "mystes" y-os "epoptes" (iniciados) buscaban a Perséfone perdida, pola noite, na devesa sagrada d'Eleuris, y-era a famosa "carreira dos fachós". Os de Samotracia eran en honra dos "Kabiros" ("Kabirim") deuses escuros d'orixe púnica. Ademais Orpheu intituía en honra de Baco os Mystéreos Orficos... Pois ben, en todos iles "representábas'a estoria dos deuses". O teatro d'Eschylo é un eco os sagraos mystéreos d'unha relixión qu'il, iniciado, coñeceu xa dexenerada. No "Prometeu" d'Eschylo hai mais arcanos qu'en toda a literatura grega.

Ven logo Sófoeles. É un teatro xa non diviño, mais super-human. Na traxedia grega é un lugar coma xa corrente qu'o persoaxe principal aparece en confluente c'un persoaxe invisível: o Fado ((Fatum). Tal é o asunto d'aquele teatro: o home fronte por fronte a fatalidade. Ora, compre distinguir antr'a maneira d'ollal-a fatalidade dos persoaxes de Sófoeles y-os d'Eurípides. Iste xa é demasiado human... Y-acabouse o teatro antigo.

Ven agora o teatro cristian, que nace tamén no templo. As representacións sagradas, logo os antes sacramentaes. Isto baise faguendo profano pouque pouco. Logo o Renacemento trai a alegoría. E de pronto, brutalmente, urde Shakespeare intesamente human, e cría o millor qu'hai no teatro, ciais o millor qu'habera... Non se pode superar a Shakespeare, o

que non quer dicir que o debamos imitar... O verdadeiro teatro fica fundado.

Logo veu un teatro clásico que non ten mais que forma. Nos comenzos do Romantismo, aparece ise enorme "Fausto" de Goethe, qui é de cheo teatro simbólico. Mais o elemento subprime fuxiu. Ise elemento subprime, ise "Fatum", esa fatalidade qu s'apalpa en Sófoeles, que se sinte e fai tremar, en Shakespeare toma un aire moito mais real, moito mais vago, moito mais terrible: é o Mystéreo, é o Descoñecido; lembrémonos de Hamlet en Elsinor...

Pois nos neoclasicos, ise elemento é unha verba valeira. Perdeuse. Os romántecos, nono atopan, e poñen no seu sitio un persoaxe imposible, irreal: o "treidor". É o Yago d'"Otelu", mais dexenerado, sen grandeza. Xa Xorxe Brandés tiña oservado coma Victor Hugo puña, fallando á realidade, d'un lado, o ben todo e d'outro todo o mal, poñendo un contrapes satárico ó protagonista. Decatádesvos da mistificación. D'ehí tiña que vir o naturalismo: ó elemento descoñecido, sustitúese o alcohol, o histerismo, a herencia, a fame, etc., e témol-o caso do propio Ibsen nos "Espeutros", nos que vemos autuar en contra do home a herencia morbosa. (Anqu'a cousa teña un significado mais fondo que coincide coas verbas da Escritura: "Os pecados dos pais cairán sobre dos fillos diría a sétima xeneración.")

Toda literatura moderna ven ó meu ver, d'unha volta pra sempre, de Poe e mais de Wagner, por diferentes que sexan. Poe restituénos ó mystéreo, esquecido pol-os pedantes (clásicos e positivistas), e Wagner traino moitas cousas, antr'elas a sonoridade das épocas chamadas bárbaras: época xermánica primitiva, época céltiga, Grecia pre-homérica, Oriente, Edade Médea (non a falsificada pol-os románticos). Sigfrido é parente de Prometeu e Parsifal revélanos o Sagrado Mystéreo do San Graal... A resonancia de Poe no teatro está principalmente no xénero chamado "Grand Guignol" e n-algunhas matices da produción maeterliniana ("Interior", "A Intrusa", "La mort de Tintagiles").

Logo xurdiu Ibsen, o fillo dos lazos nórdicos, y-o velo Will voltou voltou a falar pol-o seu bico... Era un teatro intensamente human, vário, inqueda, fondo. Non se preocupaba do "ambiente"...—Qué é iso do "ambiente"? O teatro son as almas...—Non son a esceas brillantes o vestuario arcaico e nobre, o decorado d'apoteóse dos dramas líricos de Wagner. Non son os interiores elegantes y-as toilettes de Redfeon, de Paquin, de Doucet que decoran os adulterios almibarados e conceutuógos do inaguantabel teatro francés. Non; un pouco de tosquidade nos acesorios, época contemporánea, 'indumentaria burguesa (no teatro d'Ibsen, o xastre se non luce)... Mais en cada persoaxe hai unh'alma chea de tenreza e d'ideal, y-ás veces unha heroica voutade ó servizo do ensono. E todo o nobre qu'hai na y-alma human a loitar contr'os convencionalismos, contr'os estúpidos ostaculos sociais. E outra humanidade que se sospeita, e de boa gana diríamos a cada héroe: "Velóiqui o meu irman"... E comaí é, o vello nemigo volve oparecer: o Descoñecido fai de novo a sua irrecusabel aparición. Os persoaxes d'Ibsen móvense nom édeo do mystéreo.

Eu concibo varios tipos de drama, asegún a calidá do confluuto, mellor, as diferentes avataaras do Descoñecido. Caxeque que nunca se dan os tipos puros.

Chamo "drama místico" aquil en qu'o home atópase fronte a forzas sobrenaturaes, que pol-o demais poden autuar na sua mesma y-alma. Eixempro: o "Brand" d'Ibsen, o "Orestes".


Chamo "drama interior" aquil en qu'o confluuto é nas propias forzas internas da y-alma. Eixempro: "La Città Morta", de D'Annunzio.

Chamo "drama social" aquil no qu'interven as forzas coeitivas. Iste ten dous sub-tipos: (a) o home frente ás forzas sociaes. Eixempro: "Casa de boneca" e "Solness", d'Ibsen—(b) unha forzas ocial contra outra. Eixempro: "Os tecelans", de Hauptmann, e "L'Armée dans la Ville", de Jules Romains. (Sería o drama do "Unanimismo", doutrina estética d'iste derradeiro autor).

Chamo "drama médeco" aquil no que o nemigo do home está no seu propio corpo. Eixempro: "Espeutros", d'Ibsen.

Chamo "drama tráxico" cand'intervén a fatalidade pura, coma no "Edipo".

Eu tiñat razado un árbre xenealóxico do teatro moderno, que non pode ter valor teórico nos enso de ser a "verdade racional" e coma tal mantéño. Está incompreto.



Eiquí remata a parte aproveitabel dos meus estudos sobr'o teatro.

Vicente RISCO.

Fortaleza do Castro Caldelas, 1921.

Lea vostede

A NOSA TERRA

JORNADAS TRASCENDENTES

Portugal e Galiza no bon camiño

Despois da visita que fixeron á Cruña os nosos irmáns de Portugal, temos recibidas moitas cartas e telegramas dos mais sinificados intelectuales e artistas, da nazón irmá con textos agarimosos para Galicia. A prensa portuguesa ocupouse da visita de Leonardo Coimbra, Alexandre de Córdova, e demais artistas que viñeron á Cruña acompañando ao Orfeón do Porto.

Recibimos, ademais do saúdo do prestigioso jornal A TRIBUNA, unha comunicación da Cámara Municipal do Porto, que copiamos:

CÁMARA MUNICIPAL DO PORTO

1.ª REPARTIÇÃO

Excmo. Senhor Presidente da «Irmandade da Fala»  
Corunha.—Galiza.

As saudações amistosas que V. Ex.<sup>a</sup> dirigiu a esta Municipalidade por ocasião da visita a Corunha do Orfeón do Porto calaram tao fundo no noso espírito, que dificilmente encontramos palabras que pössan traducir o noso máis profundo recoñecimento para com a ilustre Corporação de que V. Ex.<sup>a</sup> é muito digno Presidente.

É sempre consolador tēr de registrar estas probas de estima e consideração, sobretudo quando elas partem d'uma nação irmá e amiga, a qual desejamos as maiores prosperidades.

Apresentando a V. Ex.<sup>a</sup>, em nome desta cidade, os protestos da nosa maior consideração, fazemos votos de Saúde e Fraternidade  
Porto e Paços do Concelho, 20 Septembro de 1921.

O Presidente da Comissão Executiva,  
Manoel R. Aceveda.

PÍO BAROJA

Queixámonos algunhas veces de que os féridos e escuros esmoleiros da literatura hespañola leven á scena tipos que, terminando as verbas en "u", coidan que son sinxelamente galegos. Algús disgustos lles levan costado, mais a veces témoslles perdoado taes parvadas en verbe de que eran fillas da iñorancia.

Pío Baroja, aquel escritor d'altísima mentalidade qu no intre da guerra europea era xermanófilo somente por odio ao papado, tamén coida que finando os sustantivos en "u", xa está feito o direito un galego de corpo inteiro. Na sua novela "Las Furias", que agora publica "El Sol" asi nos presenta un persoa galego e abogado. Se as demais cousas de que nos fala as coñece do mesmo xeito estamos aviadíños.

¡Válame Deus, o que saben estes super-homes! Non vos lembrades de que tamen Unamuno dixu un día que se os galegos escribíamos "unha" era por semellarnos aos portugueses, pero que pronunciabamos "una" como en castelán?

Cando estes grandes homes queiran enterarse das particularidades galegas, asi nos costumes como na nosa literatura, que falen con Manolo Linares. E enton quedarán aviadíños e farán un papel ainda mais brillante.

¡Vaites, vaites!

L. F.

# Saudosismo e Idealismo

## Estudo de Xaime Quintanilla

En toda a epopeia castelán se non poden arredar o seu sono imperialista e o seu sono inquisitorial. Todol-os guerreiros casteláns levan, pol-o mundo adiante, a espada n-unha mau e a cruz na outra. Aa veira dos capitanes van os fredes. Os arcabuces e os resarios andan xuntos en total-as conquistas de Castela. E moitas veces se non pode decir cal dos dous elementos é o verdadeiramente conquistador: si o relixioso ou o guerreiro. As heterodoxias e os cismas relixiosos na Castela endexamais tiveron importancia grande. Na Galicia, pol-o contrario, endexamais tiveron — e xa sei que pode ser moito discutida a miña afirmación—fumos realmente ortodoxos Sant Yago, e nosos cruceiros sigue sendo celta e druidica. A-y-auga os galegos, fumos sempre, un pouco priscilianistas, e o priscilianismo na Galicia por pouco lévase toda a ortodoxia por diante. A disposición de moitos dos nosos cruceiros sgué sendo celta e druidica. A-y-auga bendita sigue lembrándonos os mitos xentilios dos nosos vellos abos. As nosas mulleres van a recibir o sacramento da comunión coas figas penduradas do pescozo. Os dentes de allos e os escapularios andan xuntos na devoción das nosas mulleres e pra ninguén é un sagredo o feito da crarisima transixencia dos nosos cregos coas supertições dos paisanos. ¡Cántas e cuántas veces imponen os nosos sacerdotes, ao mesmo tempo qu-os sacramentos do rito, os célebres evangelios! ¡Cántas veces teño eu visto, pol-a miña profesión, avergoñarse a moitas mulleres no noso campo, da medallina que levaban posta e amostraren con orgullo os papés do San Cipriano! ¡Comparede por un momento as figuras de Tereixa de Xesús e de Xoan da Cruz cos nosos Pai Sarmiento e Pai Feixóo, e convencerédevos axiña de qu-a nosa ortodoxia non é cousa mui doada pra convencer a ninguén. Con todo isto eu non quero decir qu-a raza galega sexa irrelixiosa. Quero decir perdisamente todo o contrario. Somos enormementes, intensamente relixiosos; pro somos, tamén, craramente heterodoxos. A ortodoxia galega é unha ortodoxia de pan levar e lévase ben namentras ela se non opón a aquelas prácticas, craramente xentilicas, que son o nervio relixioso da raza. Y-é porque somos un pobo saudoso. Galicia busca a verdade, mais a non atopa. E satisfai o seu espírito relixioso c'unha allada ou mistura de ritos ortodoxos e de prácticas francamente paganas.

Penso que hai feitos d'abondo que proban ben craramente o lirismo e a saudade da raza galega. Eu dixen endenantes que, socialmente, os sentimentos reias galegos deran orixen a dous feitos que parecen se contradecire. Estos feitos son: a emoción do sedentarismo e a emigración. ¿Cómo se entenda que unha raza tan chea do amor a sua terra, que cuáse que é a propia terra feita humanidade; que sinte un agarimo tan fondo e tan vexetal pol-os seus eidos; que mórrese de pena cando atópase lonxe da sua patria,

sinta a cotío esa cobiza por ire a outras terras; que viva como as anduriñas, facendo decote isas emigraciós anduriñeiras? Eu xa sei, que, ecómicamente, pódense espricar moitos feitos de esta crás; que pódese sin ir mais lonxe atribuire á miseria ecómica da Galicia a maor parte d-istes feitos. Pro eu rebeloma cada día mais contra a interpretación económica dos feitos históricos. Eu, que cada día son mais espirituaalista, non poido creer que todol-os feitos humanos débense, fatalmente, ás alferaciós económicas dos países, onde ises feitos ocurren. Non son soilo os galegos: son tamén os outros pobos celtas do mundo, como os irlandeses, poño por caso, os que sinten esa cobiza de marchar da terra tan tolamante adourada. Y-é qua morriña e a saudade danse tan entreteciós na-y-alma da Galicia que non é posibre arredalas. Fixádevos ben en qu-os pobos de Levante, os pobos mediterrás, fixeron sempre escursiós marítimas que pódéramos chamarmos de simple cabotaxe. Era o espírito comercial quen animaba a aquiles pobos ás suas odiseas marítimas. A navegación mediterrán é un pouco de navegación fluvial; é o camiñar pol-as vías comerciás. Mais a navegación atlántica, a nosa navegación, tivo sempre un moito de aventura, de saída cara ao descoñecido. Os mariñeiros galegos e os portugueses, que pra o caso ven a sel-o mesmo, facían e fan a navegación atlántica c-unha viva arela de descuberta, coá íntima satisfacción de que navegaban cara a misterio. ¿Non é iste un craro sentimento de saudade? ¿Non é eso a mesma saudade? A saudade, como cobiza do lonxe inconcreto que é, fai que as razas saudosas anden eternamente na procura de ese lonxe descoñecido qu-os atraí, como a lus á volvoreta. A saudade fai buscar; coida que élle preciso ver, ver sempre; ver ó qu-atópase mais lonxe d-aquelas casopiñas, ó que esta mais aló d-aquelas montañas; ó que atoparás dempois d-aquelas terras; ó que haberá alén da propia terra e da propia patria. O idealismo e conquistado. Sal fora da terra propia pra domiñar; quere qu-as outras terras sirvan pra a consecución do ideal acariciado. Y-eisí damos coa esprición de porque sendo a raza galega feramente sedentaria, pol-o seu amor aa terra, é tamén, fortemente, emigrante. E tan axiña emigra, tan pronto deixa os eidos amados, a morriña xa está tirando por ela; a sua groriosa terra chama por ela, c'un fero sentimento sensual.

Por iso a raza galega, non é, nin pode ser colonizadora. O colonismo imprica imperialismo, e a nosa raza, como xa levamos probado, é antimperialista por propia sustancialidade. A emigración galega tradícese n-unha proba mais d'amore á terra querida. Vaise aló, a terras alleas, pra salvar a casina do embargo pra mercar as hortas queridas e que levou unha maldizoada hipoteca. E cando o emigrante, o americano volve, si volve con cartos, eiquí queda, eiquí merca ou fai casas, y-eiquí morre, dono da sua terra, e pra sere enterrado na terra garimosa.

Dise por algúns qua morriña non é un sentimento privativo da nosa raza, que a chamada "nostalgia" é a mesma crás de sentimento; que o esplin dos

Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

ingreses non ven a ser outra cousa qua morriña dos ingleses. E certo: como sentemento individual son a mesma cousa a morriña, a nostalgia y-o esplin. Pro non-ó son con sentemento colectivo. Nin a nostalgia nin-o esplin teñen, como ten a morriña, verdadeira forza creadora.

¿Cando a nostalgia nin-o esplin provocaron os cantos repetidos dos poetas de todo un país, de unha raza enteira? Pode haber un lirico que cante a nostalgia, as suas propias nostalgias. Pro aparte de qua nostalgia non é soilo o sentemento da terra; porque pódese ter nostalxia das caricias de unha nai, por exemplo, e se non pode sentir morriña pol-a nai, senon e escrusivamente pol-a terra, os casos individuais se non repiten nas outras terras do mundo como danse na terra galega. Hai ingleses que sinten nas outras terras do mundo, como danse na terra galega. Hai ingleses que sinten o esplin dentro da propia Inglaterra. Non deuse pol-o d'agora un soilo caso de que un galego sentise morriña estando vivindo na mesma Galicia. Ademais a mocidade galeguista, ollando a forza creadora, realmente milagrosa, da morriña e da saudade, coida qu-el-as poden e deben ser novas normas estéticas y hasta novas normas éticas da raza galega. Eu desafío a quen queira que seia, que me demostre que poida ser capás ningún pobo do mundo de faceren normas da sua vida colectiva de un sentemento que non seia lexítimo e verdadeiro. Hai pol-o mundo adiante homes que padecen de nostalxia, homes que padecen de esplin. Pro non hai terras enteiras, como a nosa, que padezan, na sua integral totalidade, do mesmo sentemento, como se non trate de un sentemento racial.

Non hai un solo poeta ou esquirtor galego que non teña falado da morriña, que non sentira realmente a morriña. En Rosalía os acentos da dóre qu'a morriña arrincalle a sua lira, son tan tráxicos e fondo qu'o seu lirismo ven cuáseque a ser un lirismo paródico, un lirismo de epopeia. Si a nosa raza fose unha raza épica, quen on-o e, nin pode sela, o bardo galego que fuxese o noso poema de xesta tería que facer da morriña o primeiro persoaxe.

Rosalía canta d'iste xeito a morriña:

Fua noutro tempo encarnada  
Como a color da sireixa,  
Son hoxe descolorida  
Coma os cirios das igrexias;  
Cal si unha meiga chuchona  
A miña sangre bebera.  
Voume quedando muchiña  
com-unha rosa, que inverna;  
voume sin forzas quedando,  
voume quedando morena.

En troque a Santa Tereixa de Xesús estórballe a sua vida, porque a sua vida retráisalle a consecución do seu ideal.

Xaime QUINTANILLA.

(Seguiráse).

V<sup>da</sup> de H. Hervada

Casa Fundada en 1865  
A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES  
MAQUINARIA AGRÍCOLA  
PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS  
ETC., ETC.

## Por minha raça

A Ramón Cabanillas

De joelhos, Senhor, á vossa Mão,  
Espero de me armardes Cavaleiro  
Para, coroado rey, feito christão,  
Percorrer, triunfante, o ceu inteiro!  
Templario da Fé, eu, que son Varão,  
Quero servir-vos como bom guerreiro  
Conquistando em delirio de ambieão  
Os reynos de meu pai.—Senhor, primeiro  
Unzi-me com o olympico fulgôr  
Da nossa Graça—chama dum sol novo  
A crepitar dum umê abrazador!  
E olhai, como eu, Heroi, já me comovo...  
Porque ao nascer fadaram-me, Senhor,  
Para os altos destinos do meu Povo!

Antonio de CÉRTIMA.

(Do livro a imprimir: "Ritmos gloriosos")  
Portugal, Aveiro, 1921.

## Memorial do "Dail Eireann"

A Delegación da República Irlandesa en Madrid enviounos un exemplar do "Memorial do Dail Eireann" (Parlamento irlandés) que contén cousas interesantísimas sobre o funcionamento do dito Parlamento e das barbaridades que cometen os ingleses na nación irmá. Pra que os nosos lectores poidan enterarse do que dí, hoxe comenzamos a publicar algúns anacos d'él e continuaremos facéndoo nos sucesivos números.

Damos as gracias á Delegación irlandesa en Madrid que tan admirablemente ven dando a coñecer na Hespaña o ideal de redenzón de Irlanda.

### AOS REPRESENTANTES ELECTOS DO POBO HESPAÑOL

Nós, representantes elexidos de Irlanda reconócendovos a vós, os representantes elexidos na Hespaña, como irmáns nosos no esforzo común por adiantar o día en que as nacións camiñarán xuntas por camiños de xusticia e armoñía, temos o honore de vos saudare e dirixirvos esta exposición:

1.—Estamos convencidos de que a loita do noso pobo, o pobo irlandés, contra a opresión da Inglaterra non pasa inadvertida pra vós. Arelamos o voso aprecio; a voso simpatía e á voso axuda nos serían gratas e temendo que poida extraviar o voso xuício a propaganda de inexactitudes, extendida, tenaz e insidiosa, con que Inglaterra pretende levantar prexuícios contra de nós, falseando o carácter da loita, apresurámonos a expoñervos os feitos na sua realidade, pra que, con pleno coñecimento da mesma, podades tomar un xuício xusto.

2.—A nazón, que representamos disfrutou durante mais de mil anos de todas as prerrogativas de un Estado soberano, independente, entre os demais Estados da Europa. Houbo un día en que Inglaterra, a nazón veciña que tiña recibido das nosas máns os primeiros beneficios da civilización e da cultura intelectual, botouse enriba de nós como un invasor sin escrúpulos ingrato e sin honor, cobizoso de apoderarse do noso, e durante moitas xeneracións ese invasor esforzouse por corromper a nosa política, eliminar o noso idioma, aniquilar a nosa cultura, suprimir a nosa industria arruinar a nosa agricultura, saquear os nosos negocios e o noso comercio, frustrar as ventaxas da nosa posición xeográfica, cortar as nosas antigas relacións c'os demais pobos, apoderarse das nosas rendas, nunha palabra, borrar o noso nome da lista das nazóns.

3.—Ao ver o fracaso do seu intento, despois de varios séculos de esforzos criminaes, a nazón inglesa entrou en solemnes negociacións, recoñecendo a nosa independencia nacional e comprometéndose a respectala pra sempre. Pero a súa intención, según viuse despois, era cumprir a súa palabra tan só mentras tanto fosen desmanteladas a nosas defensas nacionais e xa conquerido esto, tratados e convenios convertíronse en papés sin valor e o pacto foi roto á traición e en forma sanguinienta.

(Seguiráse).

## Do libro "Adoración" de Leonardo Coimbra

*Leonardo Coimbra acaba de publicar un novo libro—"Adoración, cánticos de amor"—em que a súa sensibilidade de lírico celebra o misterio que vive na mulher. O filósofo do "Creacionismo" vive en contacto com o Universo, ao mesmo tempo pela razão e pela intuição. O seu pensamento é quasi sempre um acto de amor. A sua frase, que se veste de beleza, palpita como as rosas beijadas pela manhã.*

### A tua figura

AA tua Figura é uma Aparição.

Andamos pela terra e pelos mares, vimos a frescura das fontes e as meigas curvas dos rios, á flor

dos lagos os nenufares como brancos sonhos de vírgens submersas em palácios de cristal e opala, os choupos sensitivas, ensaiando asas nos frémios das suas folhas; andamos pelos céus e vimos astros (oh! meu Amor hei de pôr-te uma estrela ao peito e sobre o coração!), e tocamos os sóis e os laboratórios dos mundos; andamos pelas almas e vimos alegrias susurrantes que eram os seus ribeirinhos e sacrifícios de amor que eram a lenha dada ao fogo, subindo em prece de luz, e vimos sobretudo (Oh minha Beatriz, oh minha eterna Saudade do Céu!) um infinito Mar de Silêncio em cujas praias, extáticos, nos quedamos a sonhar...

Dâ-me os teus olhos, oh meu Amor, que neste Mar Infinito eu me quero aventurar.

Enche-me de astros o Silêncio deste Mar, oh minha Lira-Mãe das esferas que rolam, dos Sóis de mano doirado e dos olhos que se rasgam na imensa face do firmamento!

Fecha agora os teus olhos, oh meu Amor, e deixa-me ver o teu Nascimento...

Adormeceram as águas, fizeram silêncio as almas, e, sobre as ondas do grande Mar do Silêncio, caminha para nos a serena Aparição da tua Figura.

Como em tarde calma no meio-silêncio da terra voam em bando, dos beirais dos telhados e do interior das almas, brancas pombas correndo às margens dos regatos e o céu é uma nuvem dasas, também no grande Silêncio de além dos mundos voam asas e asas, gaivotas do misterio, pairando sobre as praias do fim dos mundos e da Solidão e do Silêncio divino.

Deus medita, e, asas soltas, no firmamento, as esferas cantam a harmonia do seu pensamento.

E's a Pomba voando do pombal divino por sobre esse grande Mar que cintura os mundos...

Vens em socorro dos mundos velhidos, oh minha irmã da caridade!

Tudo foge numa galopada louca, todo é uma separação vertiginosa e, ao alto, todos os seres levantam o lenço branco duma despedida.

O mundo é ele e a sua propria saudade.

Flutua sobre a galopada de vertigem deste mundo, um adeus sem fim que ecoa e se repercute até as praias daquele Infinito Mar onde as almas, em extase, se suspendem, e donde aos gritos de desgraça tu partiste voando, oh meu Amor piedoso!

E, como sobre uma multidão que espera a manhã para traspor o rio que a há de salvar do inimigo, flutua de asas o seu proprio sonho de resgate, assim,

# ADORACAO

## CÁNTICOS DE AMOR

FOR

### LEONARDO COIMBRA

Púxose á venda na Cruña. Dirixir os pedidos á Administración de «A NOSA TERRA»

sobre os mundos e as almas, o grande lenço branco da despedida se fez asa, protecção, carinho, sonho, extase, e é o manto que te cobre, e ás almas, oh minha virgem, minha "Senhora da Aparecida!"

Relanpago na treva apontando o casal ao peregrino errante, luz no céu respondendo á solidão do homem, fonte no deserto; aragem no trasume dum meio dia festival, pegureiro das evelhinhas do Marão lume aceso no alto dos montes a levar de serra em serra noticia ás almas, a tua Figura é a minha saudade, abrindo, no ar e no éter, a presença de piedade divina.

Musica que caminha e dulcifica, aurora magnética que deixa no ar a esteira dos seus afluvios, e, á essa esteira, tontas de luz e alegria, como insertos loucos, correm rumorosas, contentes e aligeras as névoas de asa da minha Alegria profunda.

Bussola de Deus, é teu caminho uma estrada de luz e, na brancura dessa luz, romarias e romarias d'almas, ébrias de Deus, caminham, cantando.

Não cortas o ar: éle se abre dócilmente a distancia, fazendo-te berço de suas ondas, ficando a vibrar a estranha musica que as esferas revelaram a Pitágoras no geito de andar da sua pitoniza...

Oh, amor do meu Exilio, meu extranho amor, dor-de vens tu meteoro das almas, que elas, a tua passagem, reacendem-se em labrança e são mais puras, mais brandas, mais liquidas é dadiyosas, espraiaadas duma humildade sem fim?

Por mim meço a distancia que de ti me separa pela brandura que me vai tomando: fogo a que se me derrete a bruta solidez dos ossos, mas não queima e oscula e é mais fresco que os próprios beijos da Agua nas raizes dos amieiros...

Fui ver o rio. Ave para melhor comprender as linhas do teu corpo e a geometria do teu andar; o Ave corre de mansinho deixando em tórno de si salgueiros

a rir, gotejantes da água com que o sorriso do Rio, crescendo sobre os troncos, deixa a brilhar as folhas.

Os salgueiros, os chorões, os choupos, os amieiros e as silvas salem do rio a cantar, subindo até ao pinheiral da Serra, o louvor e a gratidão das Aguas.

Já viste, meu Amor, como os rios são as veias da Terra e levam pelo corpo immenso, velhinho e triste, do planeta, a alegria fresca, virginal da origem?

Também tu, meu Amor, trazes a minha alma árida e triste uma priavera de flores e ninhos, briza e polem, e do que parecia um inverno fazes o rumor d'agua a cantar no avude, o carinho discreto dos seus afagos marginais.

A tua figura, o teu andar!

Mas são a silenciosa ternura da criação: vai passear pelas terras da desgraça e elas serão fartas; sob os teus pés hão de nascer flores e ao geito da tua Figura se há de abrandar a natureza, as cabanas dos mendigos serão palácios encantados, e, se adormeces e sonhas, oh senhora da minha alma, sob os beirais das casas, milhares de andorinhas tontas do calor do teu regaço virão fazer seus ninhos!...

De serra em serra, por caminhos de seixos e urzes vejo-te subindo a todas as serras de Portugal; do dor em dor, por caminhos bravios de espinheiros, vejo-te subindo a toda a altura da minha alma.

Névoa da Terra e das almas, sonho do meu amor divino, branco dossel de todas as saudades, o aroma para além da flor, a bondade para além das almas, Alegria flutuando em espuma por sobre todo o Mar, és no trono da Terra, dominadora, a "Senhora da Graça" e a minha Andorinha, removendo as asas da Ascensão!

Eu te adoro; deixa-me ir contigo, oh meu Amor com asas!...

**Leonardo Coimbra.**

(Do "Diario de Lisboa".)

## Para "A Nosa Terra"

# As rosas de Santa Isabel <sup>(1)</sup>

*A minha filha Julia Nunes Nogueira*

Era uma manhã d'abril,  
das lindas a mais não ser,  
em que sob o ceu d'anil  
tudo exulta de prazer;

Por entre as balsas as aves,  
arrulhando os seus amores  
com os gorgeios mais suaves  
dos seus cantos sedutores;

Do campo as lindas boninas,  
formando c'os seus matizes  
nos prados e nas campinas  
uns feiliceiros tapizes;

Numa labuta constante,  
p'ra formar o favo brando,  
a abelha sussurrante,  
de flor em flor saltitando;

Pelas sebes e valados  
ou á beira dos regatos  
as flores de tons variados,  
exhalando aromas gratos;

A branda e subtil aragem,  
toda aroma e perfumes,  
que cicia entre a folhagem  
como que ternos queixumes.



Em uma manhã como esta,  
em que a natureza inteira  
exultava como em festa,  
toda alegre e prazenteira.

Com ela em contraste estava  
a multidão andrajosa  
que então s'acotovelava  
sob alameda frondosa,

Que junto do paço havia  
onde a bondosa rainha  
com seu marido vivia  
que de santa o nome tinha.

D'uns nos rostos macilentos  
s'estampava a negra fome,  
noutros do mal os tormentos  
que lento devora e come.

Como anjo do ceu descido,  
eis que surge uma mulher;  
o brocado do vestido  
está dizendo a quem quer

E o colar de pedraria,  
do manto o rico torçal  
ser a propria-quem diria?  
rainha de Portugal.

Tanto que ela apareceu,  
a turba dos indigentes  
de prazer estremeceu,  
satisfeitos e contentes.

E a rainha ao contemplar  
a mísera multidão  
deixou p'las faces rolar  
lágrimas de compaixão.

E, enquanto ela procurava  
com palavras de ternura  
do mal que os atormentava  
adoçar-lhes a amargura,

Retirava da esmoleira,  
que do cinto lhe pendia,  
os óbulos' que fagueira  
pelos pobres repartia.

Depois de lhes confortar  
alma e corpo juntamente,  
quis a todos consolar  
com um mimoso presente.

D'um farto molho de rosas  
que uma das aias trazia,  
colhido entre as mais formosas  
que nos seus jardins havia,

De tanta graça e frescor  
e de tão vivo carmim,

de tal encanto e primor  
que outras não havia assim,

Uma a uma as foi tomando  
e entre alegre e sorridente  
a cada um dos pobres dando  
que a recebia contente.

Depois d'assim confortados  
com caridade sem par,  
foram-se os desventurados  
a caminho do seu lar.

E a boa e santa rainha  
a seus paços se tornou,  
mas no bem que feito tinha  
nunca mais ela pensou.

Não assim os pobrezinhos,  
que a lembrança não perdiam  
dos afagos e carinhos  
que pouco antes recebiam,

Pois tam depresa chegaram  
a suas pobres moradas,  
logo as rosas colocaram  
entre as cousas mais prezadas

Mas, ó milagre dos ceus!  
noutro dia as lindas rosas  
não viram; trocaram Deus  
em moedas mui formosas.

A alegria não contendo,  
deitaram logo a correr,  
aquele caso estupendo  
dar á rainha a saber.

Sem mostras d'admiração  
ela a nova recebeu,  
mas dentro em seu coração  
logo á Deus graças rendeu.

E d'esmola bem providas,  
que por eles repartiu,  
os da sorte desvalidos  
com meiguice despediu.

Dr. J. J. NUNES.

(1) São duas as lendas ou melhor duas as variantes da lenda atribuída á rainha Santa Isabel; numa refere-se que, estando ela a pagar aos operarios que trabalhavam na construção do convento de Santa Clara de Coimbra, aprendo-lhe de subito o rei D. Dinis, seu marido, e perguntando-lhe o que tinha no regaço, ella lhe dissera que rosas, tendo-se as moedas transformado nestas flores; outra diz que ella assim pagara a outros, os quais, levando as rosas para casa, acharam-nas depois convertidas em moedas; foiz esta a que seguiu, substituindo, porém os operarios por mendigos.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE pra Habana e Veracruz

Vapor **FLANDRE** 18 de Setembro  
" **CAROLINE** 30 de id.

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	950	1.010

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda.	"	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	"	950	1.010
TERCEIRA CRAS	"	550	600

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA**, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPañÍA CHARGEURS REUNIS Y COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dobre hélice

		Prezo en 3.ª cras
12 de Setembro	<b>SALLANDROUZE</b>	534'75 pesetas
19 de id.	<b>SIERRA VENTANA</b>	534'75 »
3 de Outubro	<b>BELLE ISLE</b>	534'75 »

Prezos en cámara para o vapor «SIERRA VENTANA»:

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase.	"	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase.	"	825		825	825	825	825

Prezos en cámara para o vapor «BELLE ISLE»

		Pernambuco	Rio Janeiro	Santos	Montevideo	Buenos Aires
En primeira crase	Ptas.	1.600	1.800	1.850	2.075	2.150
En segunda crase	"	825	825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

**ANTONIO CONDE (Fillos)**

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS